

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 15 DE MARZO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Barrié para colaborar na cuarta convocatoria do programa Ignicia Proba de Concepto.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, Plan Litoral, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por un importe de catro millóns catrocentos setenta e cinco mil euros (4.475.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións a establecementos turísticos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, Plan Litoral, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por un importe de dous millóns setenta e cinco mil euros (2.075.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma de razón da convocatoria para a concesión do distintivo de Bandeira Verde aos concellos de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas. Avenida de Breogán (Lugo), actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia nas rutas de acceso polo oeste á cidade de Pontevedra, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza o inicio da elaboración da Axenda de impulso ao emprego autónomo 2023-2026.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (Fagal), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de alzhéimer residentes en Galicia e mantemento da federación para o exercicio 2023. Importe: oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio para a concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Sociedade Deportiva Couto de Caza de Remourelle para a reconstrución de cuberta e reforma interior da caseta dos legoeiros, dentro da categoría de Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca, por un importe máximo de cento cincuenta e nove mil cincocentos oitenta euros con sesenta e oito céntimos (159.580,68€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y de la Acuicultura (Conxemar) para a promoción e mellora da comercialización de produtos conxelados da pesca no ano 2023 por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da sinatura da addenda ao acordo de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento dun sistema de información de xestión de axudas de biodiversidade e sistemas mariños, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre as actuacións de control tributario 2022.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a resolución do procedemento extraordinario de acceso ao grao I da carreira profesional do Servizo Galego de Saúde dirixido ao persoal estatutario temporal.
- Informe sobre a actualización do calendario de vacinación ao longo da vida 2023.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a evolución dos pagamentos das axudas da PAC nos últimos tres anos e previsión para a campaña 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA IGNICIA DA XUNTA E DA FUNDACIÓN BARRIÉ CONTRIBUÍU Á CREACIÓN DE NOVE EMPRESAS QUE XA CAPTARON 5M€ E CREARON CEN POSTOS DE TRABAJO

- O Consello da Xunta autoriza ampliar o convenio coa entidade para colaborar no proceso de selección e maduración de oito novo proxectos entre as 43 solicitudes recibidas nesta cuarta convocatoria
- Desde a posta en marcha de Ignicia en 2016, apoiáronse 23 proxectos que xa deron lugar a nove *spin-off* e tres licenzas á industria, mentres 10 iniciativas máis están en execución

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá dar continuidade á colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación -a través da Axencia Galega de Innovación- e a Fundación Barrié para avaliar as 43 solicitudes recibidas na cuarta convocatoria do programa Ignicia Proba de Concepto.

Esta iniciativa enmárcase na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia e busca fomentar a atracción de capital privado á I+D+i galega, así como reter talento. Neste sentido, son xa cinco millóns de euros captados para nove proxectos que naceron a raíz deste programa.

O acordo aprobado hoxe supón ampliar o convenio vixente entre a Xunta e a Fundación Barrié ata alcanzar 1.147.005 euros para colaborar na avaliación técnica e económica dos proxectos presentados, que superan nun 54 % os recibidos na anterior edición. Os que superen esta fase recibirán asesoramento sobre o estado de madurez da iniciativa desde un punto de vista científico e de negocio, así como un informe de auditoría legal. A selección realizaraa un comité de investimentos e o obxectivo é elixir oito proxectos aos cales se destinará un total de 3,96M€.

O programa leva desenvolvéndose desde o ano 2016 -cun investimento total de 16,6M€- co obxectivo de impulsar proxectos de investigación desenvolvidos nos centros de coñecemento de Galicia que estean nun estado de madurez tecnolóxica idóneo para completar a súa chegada ao mercado, para o que se financian todas as etapas precisas.

Diríxese, polo tanto, a grupos de investigación ou investigadores de calquera organismo de coñecemento con centro de traballo en Galicia, tanto públicos como privados. Deste xeito, facilítase a incorporación ao mercado de tecnoloxías disruptivas, contribúese ao desenvolvemento económico e social de Galicia mediante o apoio a estes centros e a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

transferencia dos seus resultados ao mercado, e apóiase o talento innovador e de base científica.

Desde a súa posta en marcha, apoiáronse 23 proxectos que deron lugar a nove *spin-off* e tres licenzas á industria que empregan 100 profesionais de alta cualificación, mentres que outros dez están nestes momentos en execución. As *spin-off* creadas levan captado cinco millóns de euros de investimento privado que se suman aos seis millóns de euros recibidos de convocatorias públicas, ademais do recoñecemento que están obtendo en diversos foros internacionais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA OS 6,5 M€ QUE A XUNTA DESTINARÁ ESTE ANO A ACTUACIÓNS PARA EMBELECECER O LITORAL GALEGO

- Van dirixidas á rehabilitación de espazos singulares, a accións que contribúan a unha mellor integración coa paisaxe, a mellora da fachada turística e a corrixir impactos paisaxísticos en zonas costeiras
- “Trátase de impulsar o fermosismo; mirando cara ao mar e desde o mar cara á nosa costa”, valorou o presidente galego, quen defendeu que o caoidado do medio ambiente “vai seguir traendo turistas a Galicia, e máis no noso litoral”
- Ábreanse dúas liñas de axuda, unha dirixida a concellos, cun importe de máis de 4,4 M€, e outra dirixida a establecementos turísticos, por máis de 2 M€

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, puxo en valor hoxe a partida de 6,5 millóns de euros á que o Consello da Xunta lle deu o visto e prace para destinar durante este ano a actuacións de embelecemento do litoral da nosa comunidade e fomentar un turismo sustentable. En concreto, detallou que estas axudas van dirixidas á rehabilitación de espazos singulares, a accións que contribúan a unha mellora da integración coa paisaxe, á mellora da fachada turística e a corrixir impactos paisaxísticos en zonas costeiras.

“Seguimos co firme compromiso da preservación do medio ambiente e no convencemento de que o seu coidado é o que vai seguir traendo turistas a Galicia, e máis no noso litoral”, argumentou Rueda sobre o marco de actuación destas subvencións, que se que inscriben no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU.

Rueda salientou o “grande atractivo turístico” dos 2.500 quilómetros de costa cos que conta Galicia e considerou necesarias este tipo de axudas para “revalorizar o patrimonio e a pasaixe costeiras galegas”. O mandatario galego precisou que nesta convocatoria distínguense dúas liñas de axudas, unha dirixida a concellos, cun importe de máis de 4,4 millón de euros, e outra dirixida a establecementos turísticos, cun importe superior aos 2 millóns de euros.

“Trátase de impulsar o fermosismo; mirando cara ao mar e desde o mar cara á nosa costa”, defendeu o presidente da Xunta na que é a primeira convocatoria que pon en marcha a Axencia de Turismo de Galicia para a conservación, rehabilitación, revalorización e mellora do patrimonio singular, natural e de uso turístico do litoral galego no marco del Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Axudas a concellos do litoral galego

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na liña de axudas dirixida a concellos, poderán ser beneficiarios os concellos situados no territorio do litoral galego, que son un total de 71 repartidos ao longo da costa galega entre os que están na provincia de Pontevedra: Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Cambados, Meaño, Sanxenxo, O Grove, Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda. Na provincia de Lugo poderán ser beneficiarios os concellos do Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros e Ribadeo

Na provincia da Coruña poderán optar a estas axudas: Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Neda, Mugardos, Ares, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Sada, Oleiros, A Coruña, Arteixo, A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra, Corcubión, Carnota, Muros, Outes, Noia, Porto do Son, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo.

Nestas axudas a concellos o orzamento divídese en tres liñas de actuación subvencionables: transición verde e ecolóxica, cun orzamento de 2.700.000 €, transición dixital, cun orzamento de 675.000 €, e transición accesible e inclusiva, cun orzamento de 1.100.000 €.

Axudas a establecementos turísticos

Na liña de axudas dirixida a establecementos turísticos poderán ser persoas beneficiarias as persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos turísticos de aloxamento e de restauración situados en municipios costeiros, que teñan autorizado ou clasificado o establecemento no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.

Poderán solicitar as axudas os establecementos hoteleiros, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural, apartamentos turísticos e albergues turísticos, así como restaurantes, cafetarías e bares.

Estas axudas a establecementos turísticos divídese en dúas liñas de actuación subvencionables: tecnoloxías ambientais, cun orzamento de 1.125.000 € e mellora da fachada turística do litoral, cun orzamento de 950.000 €.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ ESTA PRIMAVERA O GALARDÓN BANDEIRA VERDE PARA DISTINGUIR OS CONCELLOS MÁIS COMPROMETIDOS COA PAISAXE E A PROTECCIÓN AMBIENTAL

- Como novidade, os municipios galardoados terán unha vantaxe competitiva no acceso ás axudas de residuos que sacará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para construír e mellorar puntos limpos fixos, implantar instalacións móbiles deste tipo ou impulsar proxectos de preparación para a reutilización
- O Consello foi informado de que nas vindeiras semanas se abrirá o prazo para que as entidades locais presenten as súas candidaturas e méritos para obter este distintivo
- Trátase da cuarta edición da iniciativa, en liña cos principios da Lei de protección da paisaxe galega e que aspira a servir de correa de transmisión entre o traballo das administracións locais e a implicación da veciñanza no coidado das súas contornas

A Xunta convocará esta primavera unha nova edición do galardón Bandeira Verde, creado no ano 2020 co fin de poñer en valor o traballo e a implicación dos concellos galegos máis comprometidos co coidado da paisaxe e do patrimonio natural, dous dos elementos máis representativos e identificadores da Comunidade.

Como principal novidade deste ano, dispoñer deste distintivo suporá para as entidades locais un mérito adicional para os efectos de obter algunha das subvencións que convocará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para financiar actuacións en materia de residuos de competencia municipal. Deste xeito, os concellos que acrediten ter a bandeira verde no momento en que soliciten axudas para construír ou mellorar puntos limpos fixos, implantar instalacións móbiles deste tipo ou impulsar proxectos de preparación para a reutilización e a reciclaxe de residuos, entre outras, recibirán unha puntuación adicional cando se valore o seu expediente.

Cómpre indicar que nas tres convocatorias anteriores xa se prevía que os municipios galardoados tiveran unha vantaxe á hora de optar a subvencións da Xunta en materia de patrimonio natural, polo que o feito de que este ano se incorpore a bandeira verde tamén como novo criterio a ponderar nas ordes de axudas de residuos de concorrencia competitiva, suporá un novo aliciente para animar os municipios a presentarse.

Tras recibir hoxe o visto e praxe do Consello da Xunta, a previsión é que a finais de marzo ou comezos de abril se publique a convocatoria de Bandeira Verde de 2023. Os concellos interesados deberán presentar ata o 31 de maio as súas candidaturas, nas cales ademais de destacar as boas prácticas ambientais levadas a cabo no municipio, poderán acreditar como mérito actuacións realizadas en eidos como a xestión

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

responsable dos residuos, o impulso da eficiencia enerxética ou a loita fronte ao cambio climático.

Cómpre subliñar que esta iniciativa vai na liña dos principios inspiradores da Lei de protección da paisaxe de Galicia e enmárcase ademais na aposta decidida do Goberno galego polo *fermosismo*. O obxectivo principal do Instituto de Estudos do Territorio, organismo responsable da creación e xestión do distintivo, é recoñecer o traballo daquelas entidades locais que no marco das súas competencias destaquen polas súas boas prácticas ambientais e a prol da conservación e protección da paisaxe.

Neste sentido, a Lei de protección da paisaxe establece que a Xunta impulsará a cooperación con todas as administracións públicas con competencias no territorio, especialmente coas locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos seus fins.

Por iso e tendo en conta a importancia que ten a paisaxe como sinal de calidade de vida, a creación e impulso da Bandeira Verde enmárcase nas funcións legalmente atribuídas á Xunta á hora de promover accións de formación, sensibilización e educación dirixidas á sociedade en xeral e aos xestores do territorio en particular, co fin de promover o entendemento, respecto e salvagarda dos elementos que configuran as paisaxes.

Municipios galardoados en 2022

A de 2023 será a cuarta convocatoria consecutiva que se fai da Bandeira Verde, un galardón que, ademais do xa sinalado, aspira a servir tamén de correa de transmisión entre o traballo das administracións locais e a implicación da veciñanza no coidado das súas contornas, incidindo en que tanto concellos como cidadáns deben estar comprometidos na preservación dos elementos naturais e paisaxísticos que os rodean.

No marco da primeira edición resultaron galardoados Porto do Son e Moaña, os únicos concellos que recibiron a bandeira verde os tres anos seguidos. Ademais destes dous municipios, premiados nas 3 edicións, en 2021 foron recoñecidos Alfoz, Mondoñedo, Curtis, Parada de Sil, Outeiro de Rei, Ordes e Sober; mentres que o ano pasado o IET distinguiu tamén a Mondoñedo, Parada de Sil, Ribadeo, Sober, Touro, Outeiro de Rei, Curtis, Ribeira, Ordes, A Laracha, Cervo, Muros e Alfoz. Esta evolución demostra que o recoñecemento da Bandeira Verde cada vez está máis consolidado en Galicia.

Ademais das vantaxes xa sinaladas no acceso a determinadas subvencións, os concellos galardoados poderán utilizar o logotipo e lucir a bandeira verde durante un ano como símbolo e recoñecemento expreso ao seu compromiso ambiental.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DUN APARCADOIRO DISUASORIO NA AVENIDA DE BREOGÁN, NO CONCELLO DE LUGO, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 1,2 M€

- Habilitarase un estacionamento de 148 prazas, próximo ao enlace entre as estradas nacionais N-VI e N-540 e tamén ao barrio da Residencia
- O novo aparcadoiro terá acceso ao norte desde a rúa Barrio Casas e ao sur, con entrada e saída á propia avenida Breogán
- As obras licitaranse a finais deste mes, co obxectivo de comezalas no outono
- A Xunta avanza nos proxectos promovidos ao abeiro dos fondos NextGeneration para fomentar a mobilidade sustentable nas contornas das cidades e vilas galegas, aos cales se destinará este ano un investimento de 29,3 M€
- No marco destes proxectos inclúense as sendas nas contornas das grandes cidades, a mellora da seguridade nas paradas de autobús nas vías autonómicas ou o impulso do desenvolvemento da nova área de transporte intermodal de Lugo

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto para a construción dun aparcadoiro disuasorio na avenida de Breogán, no concello de Lugo, que suporá un investimento autonómico que rolda 1,2 M€.

O Goberno galego dálle así o pulo necesario para avanzar na implantación dun aparcadoiro disuasorio próximo ao enlace entre as estradas nacionais N-VI e N-540 e tamén ao barrio da Residencia, onde a Xunta está a acometer unha transformación integral.

Coa aprobación definitiva do proxecto desta actuación autorízase, tamén, a declaración de utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos 10 predios necesarios para levar a cabo a intervención.

O aparcadoiro executarase asociado á avenida de Breogán de Lugo, disporá dunha superficie de 5.700 m² e dun total de 148 prazas, 4 delas reservadas para vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida.

O aparcadoiro disporá dun dobre acceso: un ao norte, á rúa Barrio Casas, orientado a mellorar a súa accesibilidade e asociado aos tráfico de orixe-destino ao interior da cidade e, máis concretamente, ás súas zonas norte e leste; e outro acceso, ao sur, con entrada e saída na avenida de Breogán, pensado como acceso principal e asociado a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tráficos con orixe ou destino fóra da cidade, que empregarán o nó viario das estradas nacionais para acceder ás circunvalacións da cidade e ás vías de alta capacidade.

A nivel interno, o aparcadoiro configúrase arredor de tres eixes viarios, unidireccionais, con carrís de 6 metros para facilitar as manobras. Contará cun eixe principal que atravesa o aparcadoiro, de aproximadamente 70 metros de lonxitude; un eixe perimetral, que comezará na entrada desde a avenida de Breogán e que circulará pola beira do aparcadoiro ata a saída deste á rúa Barrio Casas, con posibilidade de cambio de sentido previo a encarar a saída, e un eixe central, que conectará o eixe perimetral e o principal no punto medio de ambos os eixes.

O proxecto aprobado hoxe polo Executivo autonómico prevé tamén a renaturalización da canle que actualmente discorre parcialmente entubada pola parcela, así como a reconfiguración da rúa Barrio Casas, para dotala dunhas condicións axeitadas en canto á sección transversal.

A execución deste aparcadoiro completárase coa dotación de iluminación pública, videovixilancia, instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos e a incorporación de vexetación e árbores, para unha mellor integración paisaxística e dotación de sombra no aparcadoiro.

O Departamento de Infraestruturas da Xunta convocará o levantamento das actas previas das expropiacións necesarias no segundo trimestre deste ano. A licitación das obras prevese realizar a finais deste mes de marzo para poder comezar os traballos no outono. O prazo de execución é de 10 meses.

O aparcadoiro disuasorio da avenida de Breogán forma parte dos proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos europeos do Mecanismo de recuperación e resiliencia NextGenerationEU no impulso da transformación da mobilidade nas contornas urbanas, apostando por desprazamentos máis limpos e sustentables, aos cales destinará este ano 29,3 M€.

No marco destes proxectos, a Xunta inclúe os aparcadoiros disuasorios, as sendas nas contornas das grandes cidades, a mellora da seguridade e da accesibilidade nas paradas de autobús nas estradas autonómicas ou os investimentos nas estacións intermodais.


Esta mesma semana está prevista a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta, o Concello de Lugo e Adif para desenvolver a nova área de transporte intermodal da cidade, cuxo proxecto suporá un investimento global de máis de 49,2 M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego continúa traballando para facer cidade en Lugo, tras os importantes investimentos que está a realizar, como na recuperación do barrio da Residencia. Esta actuación, estratéxica e na cal a Xunta está a investir máis de 32 M€, inclúe equipamentos como o Centro Integral da Saúde, a Oficina de formación e emprego, a Central de biomasa ou a Residencia da 3ª idade, que está previsto culminar na súa totalidade no verán.

Planta de actuación do aparcadoiro da avenida de Breogán en Lugo:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DE 37 PARADAS DE AUTOBÚS EN ESTRADAS AUTONÓMICAS DO SALNÉS CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1 M€

- As intervencións realizaranse en 14 paradas en Sanxenxo, 12 en Meis, 4 no Grove, 4 en Cambados e 3 en Meaño
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé licitar as obras a finais de marzo e comezar os traballos no outono
- As actuacións consisten na dotación de marquesiñas, na mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille e no incremento da visibilidade e iluminación
- A Xunta tamén deu conta hoxe da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para os citados proxectos
- Estas intervencións enmárcase no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 37 paradas de autobús situadas nas estradas autonómicas do Salnés, que suporán un investimento autonómico de máis de 1 M€.

O Goberno galego tamén deu conta da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para os citados proxectos. Coa aprobación definitiva do proxecto desta actuación autorízase, tamén, a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 20 predios necesarios para levar a cabo a intervención.

A Xunta prevé licitar as obras a finais de marzo e convocar o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre, para comezar os traballos no outono.

Estes proxectos enmárcanse no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia.

No que se refire a este proxecto, da zona oeste de acceso á cidade de Pontevedra, as intervencións realizaranse en 14 paradas en Sanxenxo, 12 en Meis, 4 no Grove, 4 en Cambados e 3 en Meaño.

As obras consistirán na dotación dun equipamento de marquesiña con postes, bancos e apoio isquiático; na mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille, e no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

incremento da seguridade coa eliminación da vexetación, mellora da visibilidade e da iluminación.

Ademais, os carrís dos apartadoiros configuraranse cunha anchura mínima de tres metros e será só inferior nos puntos en que implique unha importante afección de parcelas ou edificacións. Os bordos dos itinerarios peonís, que terán unha anchura mínima de 1,8 metros, recuaranse polo menos 35 centímetros respecto ás marcas viarias e, no caso de catro paradas, executaranse os muros de contención necesarios, de altura variable, entre 50 centímetros e 2 metros.

Estes proxectos están financiados ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea–NextGenerationEU e enmárcase no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente.

Imaxe exemplo de planta de actuación, na estrada PO-531 en Meis, nas proximidades do nó de Curro:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTARÁ CUNHA AXENDA DE IMPULSO AO EMPREGO AUTÓNOMO 2023-2026 QUE CUN ORZAMENTO SUPERIOR AOS 200 M€ POTENCIARÁ A COMPETITIVIDADE DO COLECTIVO

- O Consello do Goberno galego deu hoxe visto e prace ao inicio dos traballos de deseño da estratexia que se elaborará en colaboración coa Mesa do Emprego Autónomo
- O documento reforzará aspectos como a conciliación de profesionais por conta propia e a remuda xeracional dos negocios tras a xubilación dos titulares
- Coa Estratexia Autónoma 2017-2020 a Administración autonómica favoreceu cerca de 17.000 novas altas no traballo autónomo e a formación de case 4.000 persoas

A Xunta de Galicia iniciará os traballos de configuración da nova Axenda de Impulso ao Emprego Autónomo co que pretende fortalecer o ecosistema competitivo do traballo por conta propia e potenciar a calidade dos novos proxectos no período 2023-2026. O Consello autorizou hoxe o arranque das tarefas para o deseño desta estratexia na que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade traballará da man das principais entidades do colectivo representadas na Mesa do Emprego Autónomo e contará cun orzamento superior aos 200 millóns de euros.

A nova Axenda nacerá baixo o paraugas da Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 para definir as liñas mestras a desenvolver para impulsar o emprego autónomo en Galicia ata o ano 2026 de cara a aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia sustentables e fomentar un mercado de traballo inclusivo.

O documento partirá de tres eixos: 1º, potenciar a calidade dos novos proxectos de autoemprego; 2º, fortalecer o ecosistema competitivo do emprego autónomo e 3º, avanzar no marco de cogobernanza para dinamizar o emprego autónomo.

Durante a anterior Estratexia Autónoma 2017-2020, e a pesares da súa coincidencia no tempo coa pandemia, a Xunta de Galicia apoiou a incorporación ao emprego autónomo de 16.704 persoas -3.913, menores de 30 anos- cun investimento global de máis de 160 millóns de euros (40 millóns de euros ao ano).

Nos seus catro anos de duración, por exemplo, axudou a través do bono autónomo a 7.485 persoas autónomas na consolidación e fortalecemento dos seus negocios. Tamén se formaron case 4.000 persoas en materias relativas ao desenvolvemento da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actividade laboral por conta propia (prevención de riscos laborais, tecnoloxías, xestión, etc.).

O Goberno galego deseñará a nova estratexia, que bebe da experiencia anterior, coa idea de seguir a incidir nos apoios á conciliación no ámbito do emprego autónomo e en aspectos como a necesaria remuda xeracional como fórmula de mantemento dos negocios tras a xubilación das persoas titulares.

A Xunta de Galicia mantén conexión permanente co colectivo do traballo autónomo no deseño de políticas e liñas de axuda que lles afectan, para atender as súas necesidades de forma inmediata e evolucionar ao mesmo ritmo. A nova Axenda deseñarase, así, no marco da Mesa do Emprego Autónomo, conformada pola Administración autonómica e os principais interlocutores das asociacións (ATA, APE y UPTA-Agtamar). É no seo desta Mesa onde se abordan os criterios e requisitos das axudas, subvencións e medidas da área do traballo por conta propia.

As autónomas e autónomos representan na comunidade galega o 17,3% dos traballadores activos e o 20,65% das afiliacións. Estes datos converten a Galicia na primeira comunidade con maior peso deste modelo sobre o total das afiliacións, 4,17 puntos por encima da media estatal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA O APOIO A FAGAL COA RENOVACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN POR 89.250 EUROS

- Ao abeiro deste acordo levaranse a cabo actividades específicas dirixidas a familiares de enfermos de alzhéimer
- Máis de 2200 persoas foron beneficiadas por estas iniciativas financiadas polo Goberno galego en 2022

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración da Administración autonómica coa Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e outras Demencias (Fagal) cun orzamento de 89.250 €. Esta contía permite o financiamento de programas de atención dirixidos a familiares de enfermos con esta doenza residentes en Galicia.

Deste xeito, o Goberno galego consolida o apoio a Fagal a través dunha colaboración que no ano 2022 permitiu que se levasen a cabo 35 actividades específicas, con 11.500 horas dirixidas a familiares coidadores por todo o territorio galego. Participaron nelas 2250 persoas, que achegaron un alto grao de satisfacción.

Entre algunhas das accións realizadas destacan o programa de apoio e formación a familiares de enfermos de alzhéimer; as xornadas divulgativas sobre intervención en demencias, prevención e envellecemento activo, ou as xornadas interdisciplinares especializadas en alzhéimer e outras demencias.

Rede pública

Ademais, o Executivo autonómico continúa a traballar para consolidar e garantir o mantemento da rede pública de recursos de atención diúrna ao alzhéimer. Galicia é a única comunidade que conta cunha rede autonómica de centros de alzhéimer e desde o ano 2009 uplicouse o número de prazas públicas en centros de día especializados nesta patoloxía, ata superar nestes momentos as 500 por toda a Comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ PRETO DE 160.000 € Á REFORMA DA CASETA DE LEGOEIROS DE REMOURELLE PARA A DINAMIZACIÓN RURAL DE RIBADEO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Sociedade Deportiva Couto de Caza de Remourelle
- O convenio permitirá a reconstrución da cuberta e a reforma do interior da caseta, que se atopa en desuso e deshabitada, para a posta á disposición da veciñanza e albergar o local social desta entidade
- O proxecto persegue poñer en valor a vida social, cultural e educativa da comarca, así como fomentar o sentimento de pertenza ao territorio mediante a defensa do ambiente

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural, e a Sociedade Deportiva Couto de Caza de Remourelle pola que se destinarán preto de 160.000 euros á reforma da caseta de legoeiros desta parroquia de Ribadeo para a dinamización rural deste concello da provincia de Lugo. Esta caseta foi cedida á citada sociedade o pasado ano 2022 por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por un período de 30 anos.

O convenio autorizado hoxe permitirá a reconstrución da cuberta e a reforma interior da caseta, que actualmente se atopa en desuso e deshabitada. É un edificio caracterizado pola súa arquitectura, posto que xa non se constrúen edificacións deste tipo, o que aumenta o valor e o carácter singular deste proxecto.

O fin do convenio é converter a caseta nun espazo de reunión que poña en valor a vida social, cultural e educativa da comarca, así como satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza e de pertenza á comunidade dese lugar mediante a defensa do ambiente. Nesa liña, o inmovible albergará o local social da Sociedade Deportiva Couto de Caza de Remourelle, converténdose no seu punto de encontro.

Polo tanto, trátase dunha intervención que procura realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca en que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nese senso, cabe apuntar que as casetas de legoeiros foron deseñadas coa maior economía de medios, apartándose o seu deseño de calquera requirimento estético superfluo. Foron concibidas para proporcionar estancias aos legoeiros -tamén chamados peóns camiñeiros- e á súa familia. A súa localización nunca foi casual, xa que se situou xunto á propia estrada para facilitar a asistencia continua e inmediata dos quilómetros designados. O legoeiro tiña a obrigaón de vixiar o cumprimento das ordenanzas para a conservación das estradas, evitando o tránsito de carruaxes que puidesen danala, así como controlar as construcións fraudulentas.

Agora, coas obras proxectadas, a caseta de legoeiros de Remourelle será reformada e dotada de novos usos en beneficio da comunidade rural de Ribadeo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A INDUSTRIA DE PRODUTOS DO MAR CONXELADOS INVESTIRÁN 400.000 EUROS EN DISTINTAS ACCIÓNS DE PROMOCIÓN PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE DO SECTOR

- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e Conxemar para a mellora da comercialización destes elaborados da pesca, marisqueo e acuicultura ao longo deste ano
- O Goberno galego destina a este acordo máis de 200.000 euros, aos que se suman outros 200.000 euros achegados polo sector e estará vixente desde a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023
- Este acordo inclúe diferentes iniciativas como a promoción do XI Congreso Internacional Conxemar-FAO 2023 e da XXIV Feira de produtos conxelados Conxemar 2023, ambos eventos consolidados e escaparates excepcionais desta industria

A Consellería do Mar e a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y de la Acuicultura (Conxemar) unen esforzos na promoción e mellora da comercialización dos produtos do mar conxelados. Fano unha vez que o Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre as partes para a realización de distintas accións en 2023 encamiñadas ao impulso deste tipo de produtos derivados da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

Esta colaboración estará vixente desde a sinatura do convenio ata o 30 de novembro de 2023 e conta cunha achega por parte da Xunta de Galicia de 200.000 euros, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), aos cales se suman outros 200.000 euros achegados por Conxemar.

Con ese orzamento desenvolveranse distintas iniciativas de promoción e difusión co fin de favorecer o crecemento do sector e que Galicia manteña o liderado no territorio nacional. A comunidade achega máis do 50 % da facturación do sector de produtos do mar conxelados a nivel nacional e aglutina tamén a máis da metade das empresas do sector.

Unha das accións previstas ao abeiro deste convenio é a promoción do XI Congreso Internacional Conxemar-FAO 2023, que aspira a poñer en valor a transformación azul na cadea de valor dos produtos do mar e reforzar o seu papel como foro referente nas temáticas relacionadas coa alimentación e o peixe conxelado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra das iniciativas que inclúe esta colaboración é a organización e promoción nacional e internacional da XXIV Feira de produtos conxelados Conxemar 2023, que se celebrará no mes de outubro en Vigo e que supón, xunto co congreso, un escaparate excepcional para incentivar o crecemento do sector. Ademais, porase en marcha un plan de comunicación para incentivar o consumo deste tipo de produtos que teña visibilidade en diferentes plataformas como as redes sociais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA REFORZA A DIXITALIZACIÓN NA XESTIÓN DAS AXUDAS RELACIONADAS COA MELLORA E O COIDADO DA BIODIVERSIDADE E OS RECURSOS MARIÑOS

- O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración existente entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para seguir avanzando en procesos como a recepción, o rexistro, a comprobación e a resolución das solicitudes presentadas
- Con esta nova prórroga amplíase a vixencia do acordo iniciado hai dous anos ata o 30 de novembro de 2023 e modifícanse as anualidades orzamentarias, cun incremento no importe correspondente ao ano 2023

A Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) asinarán nos vindeiros días unha addenda ao convenio de colaboración establecido entre ambos departamentos da Xunta en 2021 para continuar desenvolvendo un sistema de información destinado á xestión de axudas relacionadas coa mellora e o coidado da biodiversidade e os recursos mariños.

Así o constatou hoxe o Consello da Xunta ante a necesidade de seguir evolucionando o sistema de información e desenvolver novas funcionalidades que faciliten a mellora e adaptación a posibles necesidades. Así, os apoios que abarca esta colaboración son aqueles destinados a proxectos colectivos, por unha banda, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades sustentables e, por outra banda, a aqueles que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.

Coa nova addenda, amplíase a vixencia do acordo iniciado hai dous anos ata o 30 de novembro de 2023 e modifícanse as anualidades orzamentarias, cun incremento no importe correspondente ao ano 2023 como consecuencia do desenvolvemento de actuacións que supoñen un engadido temporal e financeiro. Con todo, o importe máximo da achega da Consellería do Mar a esta colaboración non varía (280.000 euros).

O sistema que se está a desenvolver coa colaboración de ambos departamentos do Executivo autonómico serve para avanzar en procesos como recepción, rexistro, comprobación e resolución das solicitudes presentadas, xestión de modificacións, xustificacións e requerimentos, así como a integración coas ferramentas transversais de tramitación electrónica impulsadas pola Amtega, entre outras funcionalidades. A primeira parte deste sistema (denominado Fempa) xa se atopa en funcionamento desde

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

este mes de marzo, cos primeiros procedementos administrativos implantados no eido da xestión de acudas de innovación.

Isto súmase aos proxectos que desenvolven conxuntamente a Consellería do Mar e a Amtega como *Primare* de modernización e dixitalización das lonxas e confrarías, o acceso en mobilidade aos documentos de trazabilidade, novos sistemas de xestión para acuicultura e as licenzas de pesca deportiva ou a pilotaxe realizado con tecnoloxía *blockchain* para o control de produtos coa marca de calidade *pescadeRías ¿de onde se non?*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRESTOU ASISTENCIA E COLABORACIÓN TRIBUTARIA A PRETO DE 260.000 PERSOAS NO ANO 2022

- Do total, 1.284 persoas recibiron atención tributaria a través da canle preferente para maiores de 65 anos
- O ano pasado a Atriga continuou reforzando e avanzando na información e na simplificación da asistencia á cidadanía
- Habilitou a posibilidade de realizar o pagamento de determinados impostos mediante un TPV físico nas súas delegacións e ampliou os medios de pagamento das débedas tributarias permitindo o seu aboamento a través de xiro postal ou transferencia bancaria
- As actuacións de prevención e control da Axencia Tributaria de Galicia permitiron aflorar o ano pasado 97 millóns de euros de débeda non declarada
- O 97 % dos galegos e das galegas aplicaron correctamente os beneficios fiscais

A Xunta de Galicia atendeu o ano pasado un total de 259.083 galegos e galegas co obxectivo de facilitar o cumprimento das súas obrigas tributarias. Deles, 1.284 recibiron atención tributaria a través da canle preferente para maiores de 65 anos posta en marcha o pasado outubro. Así se desprende do informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre as actuacións de control tributario realizadas pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) en 2022.

Do total, 144.480 foron atendidas de maneira presencial nos 47 puntos de información que a Atriga ten distribuídos por toda Galicia; e ás 114.603 restantes prestóuselles asistencia pola vía telefónica. O informe analizado hoxe mostra tamén que o ano pasado a Axencia Tributaria de Galicia non esgotou a súa capacidade de atención aos cidadáns pois o 54,2 % das citas ofrecidas quedaron libres.

Hai que ter en conta que, xa desde o mes de maio de 2021, os servizos que se prestaban de xeito presencial completáronse coa posibilidade de poder solicitar unha cita para obter de maneira telefónica información tributaria xeral ou para a asistencia na confección en liña dos modelos de autoliquidación dos impostos. Tamén se unificou a atención telefónica nun número único de *Información ao contribuínte* co fin de mellorar e facilitar o acceso dos cidadáns á información tributaria.

Ademais, a Atriga universalizou a posibilidade de que calquera cidadán puidese aboar en liña -a través da Oficina Virtual Tributaria e cunha tarxeta de crédito ou débito- todos os ingresos xestionados por este organismo, para evitar os desprazamentos ás oficinas bancarias. Desde a súa implantación efectuáronse 309.733 operacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis información e simplificación en 2022

No ano 2022 a Atriga continuou reforzando e avanzando na información e simplificando a asistencia á cidadanía coa finalidade de contribuír a garantir a prestación dos servizos públicos a todos galegos e galegas.

Así, desde mediados de febreiro do pasado ano habilitou a posibilidade de realizar nas súas delegacións o pagamento das autoliquidacións do imposto de sucesións e doazóns, do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD) e de vehículos usados por importe de ata 3.000 euros a través dun terminal en punto de venda (TPV) físico.

Os cidadáns poden realizar este pagamento mediante tarxeta de crédito ou débito de calquera entidade bancaria –e sen comisión de utilización para o contribuínte- no mesmo momento en que están a realizar a presentación dos impostos e coa mesma cita que soliciten para ser atendidos de xeito presencial en calquera das cinco delegacións da Atriga (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo). Desde mediados de febreiro realizáronse 7.158 operacións.

Ademais, a Axencia Tributaria de Galicia tamén ampliou os medios de pagamento das débedas tributarias permitindo realizar o seu pagamento a través de xiro postal ou transferencia bancaria, co obxectivo de facilitar o cumprimento das obrigas tributarias a aos cidadáns.

Trátase de ampliar as posibilidades de pagamento das que xa dispoñen os cidadáns e dar resposta a todos aqueles casos en que o contribuínte non ten aberta unha conta en ningunha das entidades colaboradoras coa Atriga. Segundo o informe, o número de operacións por xiro postal en 2022 ascendeu a 682. Por outra banda, a domiciliación, foi o medio de pagamento elixido en 11.397 autoliquidacións.

Actuacións tributarias

Por outra banda, o documento analizado hoxe tamén recolle que as actuacións de prevención e control tributarias desenvolvidas pola Xunta permitiron aflorar 97 millóns de euros de débeda non declarada no ano 2022.

No último exercicio, a Atriga efectuou 468.803 comprobacións de autoliquidacións de impostos. Unha vez revisadas estas autoliquidacións, no caso de detectar que non son correctas, a Atriga practica unha liquidación para que o contribuínte tribute conforme a legalidade. O número de liquidacións practicadas a raíz dunha comprobación foi de 32.147.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desas, 15.526 foron no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, 5.930 no imposto de sucesións e doazóns, e 10.691 no ITP na transmisión de vehículos. Foron correctas o 96 % das autoliquidacións do imposto de sucesións e doazóns, o 91 % das do imposto de transmisións patrimoniais, e o 92 % das autoliquidacións de vehículos.

Ademais, o 97 % dos galegos e das galegas aplicaron correctamente os beneficios fiscais e a Atriga deu a súa conformidade ao 76 % das máis de 636.900 valoracións de bens realizadas o ano pasado. A Axencia Tributaria de Galicia tamén concedeu no ano 2022, 3.115 aprazamentos de impostos por importe de 18,7 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 14,5 M€ PARA INCORPORAR AO GRAO I DA CARREIRA PROFESIONAL 7.705 PROFESIONAIS ESTATUTARIOS TEMPORAIS DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO

- Este mes de marzo efectuarase, con efectos retroactivos a xaneiro, o primeiro pagamento dun complemento que suporá un incremento medio do 6 % para os profesionais que acadaron este recoñecemento tras superaren a avaliación
- Na presente convocatoria solicitaron o acceso ao grao I un total de 8.031 profesionais do Servizo Galego de Saúde, dos que 7.986 profesionais cumpriron requisitos para solicitar carreira e, un total de 7.705 profesionais, obtiveron o recoñecemento deste grao
- Entra as melloras retributivas destacan os 3.345 euros brutos anuais para o persoal licenciado sanitario; os 2.090 euros para o persoal diplomado, ou os 2.692 euros para o persoal do grupo A1 de xestión e servizos

O Consello da Xunta deu esta mañá o seu visto e praxe á resolución do procedemento extraordinario de acceso ao grao I da carreira profesional destinado ao persoal estatutario temporal do sistema sanitario público galego, polo que 7.705 profesionais obterán un incremento retributivo medio do 6 %.

Con esta resolución, o Executivo galego adiántase nun mes e medio á data prevista para levar a cabo o aboamento do primeiro complemento retributivo, que se producirá neste mes de marzo, e que terá efecto retroactivo ao 1 de xaneiro de 2023. Así, a Xunta consignou unha partida de 14,5 millóns de euros nos seus orzamentos anuais para aboar esta mellora retributiva.

Na presente convocatoria solicitaron o acceso ao grao I de carreira profesional un total de 8.031 profesionais do Servizo Galego de Saúde, dos que 7.986 profesionais cumpriron requisitos para solicitar carreira e, un total de 7.705 profesionais, obtiveron o recoñecemento do grao tras superaren a avaliación.

O acceso ao grao I de carreira profesional suporá un incremento anual bruto de 3.345 euros no caso dos licenciados sanitarios; de 2.090 euros para o persoal diplomado; de 2.692 euros para o grupo A1 de xestión e servizos; de 1.884 euros para o persoal do grupo A2, 1.215 euros para o grupo C1 e técnicos FP C1; de 1.031 euros para o grupo C2 e técnicos FP C2, e de 833 euros para o grupo AP de xestión e servizos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, do conxunto de persoal sanitario que accederá a este complemento retributivo, cómpre sinalar que o 53 % son sanitarios universitarios, o 24 % son sanitarios de formación profesional, o 2 % son universitarios de xestión e servizos, e o 21 % son profesionais doutras categorías de xestión e servizos. Ademais, atendendo á análise por sexos, os datos reflicten que o 87 % son mulleres e o 13 % son homes.

Carreira profesional no Servizo Galego de Saúde

O sistema de carreira profesional motiva os profesionais a participar ao longo da súa vida laboral nos obxectivos da organización e a mellorar a súa cualificación e competencia profesional, o que redundará na calidade asistencial e na mellora permanente das prestacións sanitarias públicas.

O concepto de carreira fai referencia ao dereito dos profesionais a progresar de xeito individualizado como recoñecemento ao seu desenvolvemento en canto a coñecementos, formación, experiencia, investigación e docencia. Neste sistema, pode participar o persoal de todas as categorías profesionais que está a traballar no Sergas e entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo, con vínculo propietario ou interino en praza vacante.

A carreira profesional estrutúrase en cinco segmentos, nomeadamente, un grao inicial e outros catro graos (I, II, III e IV). Neste senso, para progresar neste proceso exíxese cumprir os requisitos e o período de permanencia no grao anterior previsto, ademais da avaliación favorable dos comités de avaliación.

Tras o acordo acadado de xeito unánime pola dirección xeral de Recursos Humanos do Sergas e os representantes das organizacións sindicais na mesa sectorial do pasado 28 de outubro de 2022, definiuse esta convocatoria dirixida ao persoal estatutario que en calquera data entre o 1 de xullo e o 28 de setembro de 2018 prestase servizos (en situación de servizo activo ou calquera outra que supoña reserva de praza) como persoal fixo, temporal ou substituto nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde ou nas entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade ou ao dito organismo, e que o dito 1 de xullo tivese completado cando menos cinco anos de servizos prestados na categoría/especialidade por conta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.

Nesta liña, unha vez resolta esta convocatoria do ano 2022, convocarase, durante o segundo semestre do ano, o procedemento de acceso aos graos I a IV de carreira

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

profesional correspondente á convocatoria do ano 2023, e tramitarase un procedemento extraordinario de acceso ao grao II dirixido ao persoal estatutario temporal.

Esta resolución engádese a outras medidas adoptadas pola Xunta de Galicia co ánimo de optimizar a calidade dos servizos asistenciais da Comunidade e que supuxeron unha mellora das condicións laborais e retributivas do persoal do Servizo Galego de Saúde, como son as convocatorias de concurso de méritos dos facultativos especialistas de atención primaria, a convocatoria de OPE anuais, ou as listas de contratación temporal de facultativos especialista de área.

Anexo

Importe bruto grao I por grupo

	Importe mensual bruto por grao	Importe anual bruto por grao
Licenciados sanitarios	278,78	3.345,36
Diplomados sanitarios	174,24	2.090,88
Grupo A1 de xestión e servizos	224,40	2.692,80
Grupo A2 de xestión e servizos	157,05	1.884,60
Grupo C1 de xestión e servizos e técnico de FP C1	101,28	1.215,36
Grupo C2 de xestión e servizos e técnicos de FP C2	85,97	1.031,64
Grupo AP de xestión e servizos	69,46	833,52

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A SANIDADE GALEGA SERÁ A PRIMEIRA DO MUNDO EN INCORPORAR A VACINA CONTRA O VIRUS RESPIRATORIO SINCITAL

- Amplíase tamén a todos os lactantes a vacina fronte o rotavirus, que ata agora só se administraba gratuitamente a bebés prematuros.
- “Galicia dá unha nova mostra do seu compromiso coa inmunización e reforza un calendario vacinal infantil que xa é o máis completo e avanzado do mundo”, subliña o presidente Rueda

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Sanidade galega será a primeira do mundo que incorpore ao seu calendario vacinal a inmunización fronte ao virus respiratorio sincital (VRS). Segundo estudos clínicos, este virus infecta ao 90% dos bebés menores de dous anos e causa bronquiolites e pneumonías que están na orixe de 1000 hospitalizacións (cunha estadía media de 6 días) e de máis de 10.000 consultas pediátricas cada ano en Galicia.

Tal e como publicou o New England Journal of Medicine, este anticorpo monoclonal fronte ao VRS evita en torno ao 80% das asistencias médicas relacionadas co virus e das hospitalizacións infantís causadas por bronquiolites ou neumonías.

“Neste inverno, particularmente complexo, comprobamos o impacto que o VRS pode ter nos lactantes, unha poboación na que practicamente se duplicaron as hospitalizacións causadas por este virus”, indicou o presidente Rueda. Á luz desas cifras, baseándose nas recomendacións dos técnicos da Consellería de Sanidade e do comité asesor de vacinas do Sergas e co aval da Asociación Española de Pediatría, comezouse a traballar na adquisición desta vacina desde o primeiro momento no que foi aprobada pola Axencia Europea do Medicamento.

A adquisición desta nova vacina será licitada nas vindeiras semanas pola Dirección Xeral de Saúde Pública. Comezará a dispensarse no outono deste mesmo ano, antes da época con maior impacto do virus respiratorio sincital.

Ampliación da vacina fronte ao rotavirus

Así mesmo, o Consello deu luz verde á ampliación da vacina fronte o rotavirus, que ata agora só se administraba gratuitamente a bebés prematuros, a toda a poboación infantil. Este virus provoca unha gastroenterite que afecta especialmente aos máis pequenos: o 85% dos hospitalizados por esta doenza teñen menos de 2 anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A incorporación destes dous preparados ao calendario vacinal infantil suporá un investimento anual de 5,1 millóns de euros, de xeito que a suma total que destina a Xunta a vacinas ascenderá a 34 millóns de euros anuais.

“Galicia dá unha nova mostra do seu compromiso coa inmunización e reforza un calendario vacinal infantil que xa é o máis avanzado e completo do mundo”, subliñou o presidente Rueda. Cómpre lembrar que en 2022 comezou a administrarse de xeito pioneiro en España, a vacina fronte ao meningococo B aos bebés a partir de dous meses de idade, ampliouse a protección fronte ao virus do papiloma humano a todos os nenos varóns de 12 anos e ofreceuse a antigripal tetravalente a todos os menores de 5 anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA INCREMENTA ATA UNS 217 M€ AS AXUDAS DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN EN 2023 PARA BENEFICIAR A MÁIS DE 25.000 AGRICULTORES E GANDEIROS GALEGOS

- Subliña que parte deste aumento débese a que “se triplican as achegas para a agricultura ecolóxica”
- Destaca que a nova PAC “reformula a súa filosofía” para adaptarse “aos novos tempos e escenarios do rural”
- Do orzamento global, arredor de 170 millóns de euros corresponden aos pagamentos directos da PAC e 47 millóns ás medidas de desenvolvemento rural
- O Consello da Xunta coñeceu esta convocatoria que se publicará no DOG nos próximos días e cuxa finalidade é contribuír a reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana, potenciando os agricultores activos e as prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente
- A nova PAC, que se aplicará de 2023 a 2027, conserva os elementos esenciais da PAC anterior, pero pasa de ser unha política baseada na descrición de requisitos para os beneficiarios a ser unha política orientada á consecución de resultados concretos, con novidades como os ecorreximes
- A campaña de axudas da PAC relativas ao ano 2022 aínda non finalizou pero xa se levan pagados ata a data máis de 166,65 millóns de euros, dos cales 146,49 millóns foron en axudas directas e outros 20,16 millóns en axudas para desenvolvemento rural

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou que a Xunta incrementa ata os 217 millóns de euros as axudas da política agraria común (PAC) para 2023 co obxectivo de “beneficiar a 25.000 agricultores e gandeiros galegos”. Trátase dunha cifra superior á das anteriores campañas grazas -entre outros- “a que se triplican as axudas para a agricultura ecolóxica”, explicou.

Rueda subliñou que esta nova convocatoria da PAC mantén elementos esenciais das anteriores pero “reformula a súa filosofía”. “Non se centra tanto nos requisitos que hai que ter para acceder ás axudas senón na consecución de recursos concretos”, indicou. O presidente resaltou que o obxectivo é ofrecer unha PAC “adaptada aos novos tempos e escenarios do rural”.

Dos 217 millóns de orzamento global para a convocatoria deste ano, uns 170 millóns de euros correspóndense cos pagamentos directos da PAC -mantéñense con respecto a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

anos anteriores- e 47 millóns de euros coas medidas de desenvolvemento rural asimiladas ao Sistema integrado de xestión e control (axudas a zonas con limitación naturais, agroambiente e clima, agricultura ecolóxica e para o mantemento de plantacións forestais en terras non agrícolas), que se incrementan con respecto á convocatoria anterior.

Así, cabe indicar que no tocante ás axudas ao desenvolvemento rural sobe a partida destinada ás achegas agroambientais (ata preto de 27 millóns), destacando as destinadas á agricultura ecolóxica que se incrementan ata os 9 millóns de euros. Neste caso concreto, de xeito consensuado coas organizacións profesionais agrarias aprobouse un orzamento de 45 millóns de euros para o período completo da PAC, ao incrementarse anualmente en máis do 130 % sobre o orzamento previsto inicialmente para 2023 (de 3,9 millóns de euros) e cun aumento do 183 % na dotación en relación co destinado no 2022 (3,18 millóns). “Triplícase o orzamento para a agricultura ecolóxica, un sector cada vez con mais puxanza”, indicou Rueda.

Ademais, tamén se incrementan as axudas para extensificación das explotacións gandeiras ata chegar aos 13,65 millóns de euros. Cabe recordar que esta liña de achegas tamén contén un complemento para o pastoreo en concellos con presenza do lobo. Por último, as achegas para os pagamentos a zonas con limitacións naturais sitúanse nuns 18 millóns de euros e as forestais nos 2,25 millóns de euros.

As axudas da PAC son as máis importantes para o sector primario. Grazas a elas conséguense reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana, á vez que se potencian os agricultores realmente activos e prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente.

Novidades da campaña da PAC 2023

A nova PAC, que se aplicará de 2023 a 2027, conserva os elementos esenciais da PAC anterior, pero pasa de ser unha política baseada na descrición dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios finais das axudas a ser unha política orientada á consecución de resultados concretos.

Neste senso, búscase fomentar un sector agrícola intelixente, competitivo, resiliente e diversificado que garanta a seguridade alimentaria a longo prazo. Tamén se busca apoiar e reforzar a protección do ambiente, incluída a biodiversidade, e a acción polo clima e contribuír a alcanzar os obxectivos ambientais e climáticos da Unión, entre eles

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

os compromisos contraídos en virtude do Acordo de París, e por último, fortalecer o tecido socioeconómico das zonas rurais.

Así, os principais cambios da PAC 2023-2027 con respecto ao período anterior son a introdución dos ecorreximes, compromisos anuais e voluntarios “que implican que arredor do 25 % das axudas irán encamiñadas para un conxunto de prácticas beneficiosas para o ambiente”, entre as que se inclúen o pastoreo extensivo, o mantemento dos pastos, a rotación de cultivos, a agricultura de conservación, as cubertas vexetais e as superficies destinadas á biodiversidade, segundo explicou o presidente da Xunta.

A nova PAC inclúe tamén un pagamento redistributivo, pagamento complementario á axuda básica á renda para a sustentabilidade para as primeiras hectáreas de cada explotación, destinada a favorecer a redistribución de axudas cara ás pequenas e medianas explotacións, na súa maioría de carácter familiar e profesional. Tamén se establece unha condicionalidade social das axudas que se empezará a aplicar en 2024.

A remuda xeracional é outra das apostas fortes da nova PAC, con axudas específicas para os agricultores mozos e agricultoras mozas a través do pagamento complementario das axudas directas e os fondos destinados a impulsar a primeira instalación. Por último, Rueda resaltou que “outra das novidades reside en que as mulleres que se instalen á fronte dunha explotación agraria percibirán un 15 % adicional” no complemento da axuda á renda que reciben os mozos e as mozas.

Balance campaña actual de 2022

Malia que a campaña de axudas da PAC relativas ao ano 2022 aínda non finalizou, xa que -consonte a normativa- os pagamentos poden facerse entre o 15 de outubro do ano no que se fai a convocatoria e o 30 de xuño do ano seguinte, xa se levan pagados ata a data máis de 166,65 millóns de euros, dos cales 146,49 millóns foron en axudas directas e outros 20,16 millóns en axudas para desenvolvemento rural.

Esta cantidade inclúe os anticipos do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) -quen xestiona estas axudas- e que adoita facer dentro do mes de outubro e novembro. Porén, en 2022 tamén houbo un adianto de axudas en xuño que fixeron as entidades bancarias ao abeiro dun convenio coa Consellería do Medio Rural, co gallo de inxectar liquidez para paliar as dificultades do sector.

O resto dos pagamentos directos efectuaranse ao longo deste ano 2023, antes do 30 de xuño, xunto cos pagamentos das axudas de desenvolvemento rural. Ademais, cabe

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

lembrar que, en canto aos últimos tres anos, o balance global destas axudas da PAC foi de 482,49 millóns de euros aboados (2020-2022).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal